



CONCELLO  
DE MELIDE

Praza do Convento, 5 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno: 981505003 - Fax: 981506203

[www.concelloodemelide.gal](http://www.concelloodemelide.gal)


**FASE DE OPOSICIÓN  
PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA TIPO TEST.  
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA SECRETARÍA  
XERAL  
9/11/2020**

**FOLLA DE RESPOSTAS**

1	C	41	C
2	B	42	A
3	D	43	D
4	B	44	B
5	C	45	A
6	B	46	A
7	B	47	D
8	B	48	A
9	D	49	A
10	C	50	B
11	C	51	C
12	C	52	A
13	A	53	D
14	B	54	B
15	A	55	C
16	A	56	B
17	C	57	D
18	C	58	C
19	C	59	C
20	C	60	D
21	B	61	C
22	A	62	A
23	C	63	C
24	B	64	D
25	B	65	C
26	C	66	C
27	D	67	B
28	B	68	B
29	C	69	B
30	C	70	B
31	A	71	D
32	D	72	A
33	C	73	B
34	B	74	A
35	B	75	C
36	B	76	B
37	A	77	C
38	B	78	D
39	A	79	B
40	A	80	C

**PREGUNTAS DE RESERVA:**

1	D
2	B
3	C

A row of four handwritten signatures in black ink, likely belonging to officials or witnesses, positioned below the answer key.

**FASE DE OPOSICIÓN  
PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA TIPO TEST.  
9/11/2020**

**NOME E APELIDOS:**

**DNI:**

**INSTRUCCIONES:**

- 1<sup>a</sup>. Cada opositor/a disporá dun caderno con 80 preguntas, con catro respuestas alternativas, das que só unha é correcta, ou a máis correcta ou completa.
- 2<sup>a</sup>. O tempo máximo de duración da proba é de 90 minutos.
- 3<sup>a</sup>. As respuestas correctas deberán marcarse no propio caderno, rodeando cun círculo a letra correspondente. No caso de ter que rectificar, a resposta equivocada anularase cunha X.
- 4<sup>a</sup>. Por cada tres respuestas incorrectas restarase 1 resposta correcta.
- 5<sup>a</sup>. As respuestas correctas serán publicada na páxina web, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello. Para os efectos de comprobación, ao remate da proba os/as opositores/as poderán levar a folla de respuestas que lles será facilitada xunto co caderno.

**O CADERNO DEBE SER ASINADO POLO/A OPOSITOR/A EN TODAS AS FOLLAS**

\*\*\*

**PREGUNTAS:**

**1.- Segundo o artigo 137 da Constitución española, o Estado organízase territorialmente, con recoñecemento de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses:**

- a) nas comunidades autónomas e cidades autónomas que se constitúan.
- b) en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan.
- c) en municipios, provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan.
- d) en municipios, provincias, illas e nas comunidades autónomas que se constitúan.

**2.- A regulación dos dereitos e liberdades públicas comprendidos na sección primeira do capítulo segundo do Título Primeiro da Constitución española:**

- a) Está suxeita a reserva de lei.
- b) Está suxeita a reserva de lei orgánica.
- c) Está suxeita a reserva de lei, que será orgánica ou ordinaria segundo emanen das Cortes Xerais ou dos Parlamentos autonómicos.
- d) Está reservada ao constitúinte.

**3.- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa tras a tramitación dun procedemento, cando é fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, non poderá exceder de:**

- a) Tres meses.
- b) Seis meses.
- c) Tres meses, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.
- d) Seis meses, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

**4.- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa tras a tramitación dun procedemento, cando non aparece fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, será de:**

- a) un mes
- b) tres meses
- c) seis meses
- d) doce meses.

**5.- Os prazos máximos de resolución dos procedementos iniciados a solicitude do interesado/a contaranse:**

- a) Desde a data do acordo de iniciación.
- b) Desde a data en que a solicitude tivese entrada nun rexistro electrónico ou na oficina de correos, no seu caso.
- c) Desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación.
- d) Desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico de calquera das administracións públicas.

**6.- Cando se solicite un informe preceptivo durante a tramitación dun procedemento, o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución poderase suspender polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe:**

- a) Cando o informe se solicitou a un órgano da mesma ou distinta Administración e nunca por máis de tres meses.
- b) Cando o informe se solicitou a un órgano de distinta Administración e nunca por máis de tres meses.
- c) Cando o informe se solicitou a un órgano da misma ou distinta Administración e nunca por máis de seis meses.
- d) Cando o informe se solicitou a un órgano de distinta Administración e nunca por máis de seis meses.

**7.- En que casos é desestimatorio o silencio en procedementos iniciados a solicitude do interesado/a que teñan por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio?**

- a) Nunca, porque nestes casos o silencio sempre é estimatorio.
- b) Cando así o dispoña unha lei fundándose na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.
- c) Sempre, porque a estimación ten como consecuencia que se transfiran, ao solicitante ou terceiros, facultades relativas ao servizo público.
- d) Cando así o dispoña unha norma de dereito da Unión Europea, unha lei ou unha disposición regulamentaria.

**8.- Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á producción do acto:**

- a) Adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.
- b) Só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo.
- c) Adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, sen necesidade de incoarse un procedemento de revisión de oficio.
- d) Só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo, salvo que concorra causa de nulidade de pleno dereito, nese caso poderá ser desestimatoria.

**9.- Un prazo fixado en meses, concluirá:**

- a) O mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes de vencemento, salvo que non houberse día equivalente, pois nese caso concluirá o primeiro día hábil seguinte.
- b) O día seguinte a aquel en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes de vencemento, salvo que non houbese día equivalente, pois nese caso concluirá o primeiro día hábil seguinte.
- c) O mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes de vencemento, salvo que non houbese día equivalente, pois nese caso concluirá o último día do mes.
- d) O día seguinte a aquel en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes de vencemento, salvo que non houbese día equivalente, pois nese caso concluirá o último día do mes.

**10.- Cal é o límite máximo establecido na Lei 39/2015 para a ampliación dos prazos establecidos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros?**

- a) Que a ampliación non exceda de tres meses.
- b) Que a ampliación non exceda de seis meses, salvo que o permita unha lei ou unha norma de dereito comunitario.
- c) Que a ampliación non exceda da metade dos prazos que pretendan ampliarse.
- d) Ningún, os prazos non poden ampliarse.

**11.- Cal é o principal efecto de acordar a tramitación de urxencia dun procedemento?**

- a) O prazo máximo de duración do procedemento redúcese á metade.
- b) Todos os prazos establecidos para o procedemento ordinario redúscense á metade.

- c) Todos os prazos establecidos para o procedemento ordinario redúcense á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- d) Todos os prazos establecidos para o procedemento ordinario redúcense á metade, salvo os relativos á audiencia dos/das interesados/as.

**12.- Nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, quen efectúa e asina a constancia escrita do acto, cando sexa necesaria?**

- a) O titular do órgano que actúa verbalmente, expresando na comunicación do mesmo o órgano destinatario da actuación verbal.
- b) O titular do órgano superior do órgano que actúa verbalmente, expresando na comunicación do mesmo a autoridade da que procede.
- c) O titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente, expresando na comunicación do mesmo a autoridade da que procede.
- d) O titular do órgano que actúa verbalmente ou o órgano inferior que a reciba, expresándose na comunicación do mesmo ambas as autoridades.

**13.- Poden as resolucións administrativas de carácter particular vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral?**

- a) Non, nunca, sería causa de nulidade.
- b) Non, pero non por iso son necesariamente nulas.
- c) Si, pero só se as primeiras proceden dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- d) Si, sempre que se motive succinctamente o fundamento polo que se ignora a disposición nunha razón de competencia.

**14.- Cal é o prazo a partir do que se entenderá rexeditada unha notificación electrónica posta a disposición do/a interesado/a sen que acceda ao seu contido?**

- a) dez días hábiles
- b) dez días naturais
- c) cinco días hábiles
- d) cinco días naturais

**15.- En que prazo debe ser cursada unha notificación dun acto administrativo a partir da data en que foi ditado?**

- a) dez días
- b) quince días
- c) vinte días
- d) trinta días.

**16.- As notificacións que conteñan medios de pago a favor dos obrigados, tales como cheques:**

- a) En ningún caso poderán efectuarse por medios electrónicos.
- b) Poderán facerse por medios electrónicos só se o interesado o aceptou expresamente.
- c) Poderán facerse por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015.
- d) Deberán facerse necesariamente por comparecencia.

**17.- Cando o/a interesado/a ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa:**

- a) Farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e a hora en que se tentou a notificación, intento que se repetirá por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes.
- b) Notificarase o acto por entrega directa dun empregado público da Administración que notifica.
- c) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.
- d) Notificarase o acto a través da policía xudicial.

**18.- Cando o/a interesado/a fose notificado por distintas canles, tomarase como data de notificación:**

- a) A que resulte más beneficiosa para o interesado, se o acto que se notifica é favorable.
- b) A que se practicou no domicilio do interesado.
- c) A daquela que se produciu en primeiro lugar.
- d) A daquela que se produciu en último lugar.

**19.- Son nulos de pleno dereito:**

- a) Os actos ditados por órgano manifestamente incompetente.
- b) Os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.
- c) Os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- d) Os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia, do territorio ou de xerarquía.

**20.- O defecto de forma determinará a anulabilidade dun acto:**

- a) Cando así o dispoña a norma reguladora do procedemento.
- b) Cando a forma non sexa esencial.
- c) Cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos/das interesados/as.
- d) En ningún caso, porque os defectos de forma constitúen irregularidades non invalidantes.

**21.- Que actos son convalidables?**

- a) os actos nulos e anulables
- b) os actos anulables
- c) os actos viciados por defecto de forma exclusivamente
- d) os actos viciados por incompetencia exclusivamente.

**22.- Cal é o prazo de prescripción do dereito para reclamar por responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas?**

- a) Un ano desde que se produciu o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- b) Dous anos desde que se produciu o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.

- c) Cinco anos desde que se produciu o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- d) Dez anos desde que se produciu o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.

**23.- Que consecuencia ten para o/a interesado/a non emendar a solicitude con que se inicia un procedemento tras o oportuno requirimento da Administración?**

- a) Ditarase unha resolución desestimatoria da súa solicitude.
- b) Continuarase coa tramitación do procedemento sen a mellora ou corrección da solicitude.
- c) Terase ao/á interesado/a por desistido da súa petición.
- d) Reiterarase o requerimento, por unha soa vez, e nos tres días seguintes, advertindo ao interesado/a que, de non ser atendido, desestimarase de plano a súa solicitude, sen ulteriores trámites.

**24.- Cando a Administración considere que algún dos actos dos/as interesados/as nun procedemento non reúne os requisitos necesarios, poñerán en coñecemento do seu autor/a, concedéndolle un prazo de dez días para subsanar. Cales son as consecuencias do incumprimento deste prazo?**

- a) Declararase decaído no seu dereito ao trámite, proseguíndose as actuacións.
- b) Declararase decaído no seu dereito ao trámite, pero admitirase a actuación do interesado/a e producirá os seus efectos legais, se se producise antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo.
- c) Declararase decaído no seu dereito ao trámite e, se o procedemento se iniciou a instancia de parte, declararase a desistencia do procedemento.
- d) Declararase decaído no seu dereito ao trámite e, se o procedemento se iniciou a instancia de parte, declararase terminado o procedemento coa resolución que proceda á vista das actuacións do procedemento.

**25.- Salvo disposición expresa en contrario, os informes que se soliciten nun procedemento serán:**

- a) preceptivos e non vinculantes
- b) facultativos e non vinculantes
- c) preceptivos e vinculantes
- d) facultativos e vinculantes.

**26.- O trámite de audiencia dos/as interesados/as no procedemento administrativo producirase:**

- a) Antes de iniciarse o período probatorio, sen prexuízo da facultade dos/as interesados/as de realizar alegacións en calquera outro momento.
- b) Antes de solicitarse os informes que procedan.
- c) Inmediatamente antes de redactarse a proposta de resolución.
- d) En calquera momento do procedemento.

**27.- As resolucións administrativas dos procedementos de responsabilidade patrimonial:**

- a) Suxétanse ás regras xerais para determinar se poñen fin ou non á vía administrativa.

- b) Poñen fin á vía administrativa se proveñen dunha relación pública, pero serán recorribles en alzada se proveñen dunha relación privada.
- c) Poñen fin á vía administrativa se son ditadas por órganos administrativos que carezan de superior xerárquico.
- d) Poñen fin á vía administrativa, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.

**28.- Contra a resolución dun recurso de alzada:**

- a) Non caberá ningún outro recurso administrativo.
- b) Non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos na Lei 39/2015.
- c) Caberá recurso de reposición ante o órgano que resolveu o recurso de alzada.
- d) Caberá recurso de alzada se o órgano que resolveu o recurso ten superior xerárquico, ata esgotar a vía administrativa.

**29.- Cabe substituír o recurso de reposición previsto na Lei 39/2015 por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitráxe, ante órganos colexiados ou comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas?**

- a) Non, esta posibilidade só se prevé para o recurso de alzada.
- b) Non, os recursos de alzada e reposición son os únicos procedementos legais de impugnación de actos.
- c) Si, pero respectándose o carácter potestativo para o/a interesado/a.
- d) Si, pero perderase en calquera caso o carácter potestativo do recurso.

**30.- Como regra xeral, o escrito de interposición do recurso contencioso-administrativo:**

- a) Conterá, coa debida separación, os feitos, os fundamentos de dereito e as pretensións que deduza o recurrente.
- b) Reducirse a determinar as pretensións deducidas pola recurrente fronte ao acto ou disposición impugnados.
- c) Reducirse a citar a disposición, acto, inactividade ou actuación administrativa constitutiva de vía de feito que se impugne e a solicitar que se teña por interposto o mesmo.
- d) Citará a disposición, acto, inactividade ou actuación administrativa constitutiva de vía de feito que se impugne e coa debida separación, os feitos, os fundamentos de dereito e as pretensións que deduza o recurrente.

**31.- Cal é o prazo establecido con carácter xeral na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para deducir a demanda?:**

- a) vinte días
- b) trinta días
- c) un mes
- d) dous meses.

**32.- É o trámite de vista ou conclusóns preceptivo na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa?:**

- a) Si, se as partes non se manifestan, será preceptivo o trámite de conclusóns.
- b) Si, se as partes non se manifestan, será preceptivo o trámite de vista.
- c) Non, o xuíz/a ou tribunal pode citar directamente ás partes para sentenza cando o estime conveniente.
- d) Non, as partes poderán solicitar que se celebre vista, que se presenten conclusóns ou que o preito sexa declarado concluso, sen máis trámites, para sentenza.

**33.- Son controlables pola xurisdición contencioso-administrativa os decretos lexislativos?:**

- a) Non, nunca.
- b) Si, sempre.
- c) Si, cando excedan os límites da delegación.
- d) Si, sempre que non se refiran a materias reservadas á lei nin aos dereitos e liberdades fundamentais.

**34.- A sentenza que anule unha disposición xeral:**

- a) Producirá efectos entre as partes.
- b) Producirá efectos xerais desde o día en que sexa publicado o seu fallo e preceptos anulados no mesmo diario oficial en que o fose a disposición anulada.
- c) Producirá efectos entre as partes e as persoas que se presentaron no proceso como afectadas.
- d) producirá efectos entre as partes e obrigará a elevar cuestión de ilegalidade ante o Tribunal Supremo.

**35.- Se, iniciado un procedemento expropiatorio, se produce unha transmisión do dominio do ben expropriado:**

- a) A Administración entenderase co/coa antigo/a propietario/a, sen prexuízo de que este faga entrega do prezo xusto ao novo titular cando termine o procedemento.
- b) Non impedirá a continuación do expediente de expropiaciÓN forzosa, considerándose subrogado o novo titular nas obligacións e dereitos do anterior.
- c) Arquivaranse as actuacións e iniciarase un novo procedemento no que apareza o novo titular como expropriado.
- d) A Administración poderá optar entre arquivar as actuacións e reiniciar o expediente ou continuar as actuacións co antigo propietario/a.

**36.- É posible conservar algÚn dereito real sobre o obxecto expropriado unha vez concluído o procedemento expropiatorio?:**

- a) Non, porque a cousa expropriada se adquire sempre libre de cargas.
- b) Si, se resultase compatible co novo destino que vaia a darse ao obxecto expropriado/a e existise acordo entre o expropriante e o/a titular do dereito.
- c) Si, sempre que a Administración opte pola subsistencia do dereito.
- d) Non, pero o valor dos dereitos reais debe ser sempre incluído no prezo xusto.

**37.- Os acordos do Xurado Provincial de ExpropiaciÓN sobre o prezo xusto:**

- a) Poñen fin á vía administrativa e son impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

- b) Son impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, logo do esgotamento da vía administrativa.
- c) Non son impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.
- d) Son impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa ou ante a xurisdición civil.

**38.- Unha vez determinado o prezo xusto, procederase ao pago da cantidade fixada no prazo máximo de:**

- a) tres meses
- b) seis meses
- c) nove meses
- d) un ano.

**39.- A canto ascende o chamado “premio de afección”?:**

- a) a un 5% do prezo xusto
- b) a un 6% do prezo xusto
- c) a un 10% do prezo xusto
- d) a un 15% do prezo xusto.

**40.- A iniciación do procedemento de recuperación posesoria de bens e dereitos patrimoniais:**

- a) Debe ser notificada antes de que transcorra o prazo dun ano, contado desde o día seguinte ao da usurpación.
- b) Debe ser notificada antes de que transcorra o prazo de tres anos, contado desde o día seguinte ao da usurpación.
- c) Debe ser notificada antes de que transcorra o prazo de cinco anos, contado desde o día seguinte ao da usurpación.
- d) Pode producirse en calquera tempo porque a acción de recuperación é imprescritible.

**41.- Cal é o prazo máximo de duración das autorizacións demaniais previsto na Lei 33/2003?**

- a) Un ano, incluídas as prórrogas.
- b) Un ano, sen contar as prórrogas que poidan concederse, que nunca superarán o prazo inicial.
- c) Catro anos, incluídas as prórrogas.
- d) Catro anos, sen contar as prórrogas que poidan concederse, que nunca superarán o prazo inicial.

**42.- Cal é o prazo máximo de duración das concesións demaniais previsto na Lei 33/2003?**

- a) 75 anos, incluídas as prórrogas.
- b) 75, sen contar as prórrogas que poidan concederse, que nunca superarán o prazo inicial.
- c) 99 anos, incluídas as prórrogas.
- d) 99 anos, sen contar as prórrogas que poidan concederse, que nunca superarán o prazo inicial.

**43.- No ámbito da contratación do sector público, a carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, constitúe:**

- a) Unha irregularidade non invalidante do contrato, sempre que se emende no exercicio en que se adxudique o contrato, mediante o procedemento de modificación orzamentaria.
- b) Unha causa de anulabilidade do contrato, emendable mediante a modificación orzamentaria que proceda.
- c) Unha causa de anulabilidade ou de nulidade do contrato, segundo se trate de insuficiencia ou de carencia de crédito.
- d) Unha causa de nulidade de pleno dereito, excepto nos supostos de emergencia.

**44.- A interposición do recurso especial en materia de contratación terá carácter:**

- a) Preceptivo co fin de esgotar a vía administrativa.
- b) Potestativo.
- c) Facultativo, pero substitutivo do recurso contencioso-administrativo.
- d) Preceptivo, pero pode ser substituído polo recurso de alzada se o interesado o estíma oportuno.

**45.- A división en lotes do contrato:**

- a) É a regra xeral e debe realizarse sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permita.
- b) Só pode acordarse de modo excepcional e por causas taxadas.
- c) Está prohibida nos contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- d) É obligatoria en todos os contratos, sen excepción.

**46.- Nos casos en que o órgano de contratación acordase a esixencia de garantía provisional, esta non poderá ser superior a:**

- a) un 3 por 100 do orzamento base de licitación do contrato, excluído o Imposto sobre o valor engadido.
- b) un 5 por 100 do orzamento base de licitación do contrato, excluído o Imposto sobre o valor engadido.
- c) un 6 por 100 do orzamento base de licitación do contrato, excluído o Imposto sobre o valor engadido.
- d) un 10 por 100 do orzamento base de licitación do contrato, excluído o Imposto sobre o valor engadido.

**47.- As consultas preliminares de mercado realizadas polo órgano de contratación coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar aos operadores económicos acerca dos seus plans e dos requisitos que esixirán para concorrer ao procedemento son:**

- a) obligatorias para todos os contratos
- b) obligatorias nos contratos suxeitos a regulación harmonizada
- c) obligatorias ou potestativas en función do valor estimado do contrato
- d) potestativas.

**48.- Cal é o valor estimado máximo dos contratos menores de subministracións ou servizos segundo a Lei de contratos do sector público?**

- a) 15.000 euros
- b) 18.000 euros
- c) 24.000 euros
- d) 40.000 euros

**49.- A facultade para ditar bандos é competencia:**

- a) só do/a alcalde/sa
- b) da Xunta de Goberno Local
- c) do Pleno
- e) só do/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue

**50.- A aprobación das ordenanzas locais precisa:**

- a) aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local
- b) aprobación inicial polo Pleno
- c) aprobación inicial pola Comisión Informática
- c) aprobación inicial pola Alcaldía

**51.- A veciñanza que goce do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderá exercer a iniciativa popular. As ditas iniciativas deberán ir subscritas en municipios de ata 20.000 habitantes pola seguinte porcentaxe de veciños/as do municipio:**

- a) 5 %
- b) 10 %
- c) 15 %
- c) 20 %.

**52.- As entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán, entre outros:**

- a) Os orzamentos dos organismos autónomos dependentes desta.
- b) Os estados de liquidación de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integralmente á entidade local.
- c) Os orzamentos das entidades públicas empresariais dependentes desta.
- d) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza parcialmente á entidade local.

**53.- Atendendo ao ámbito temporal dos orzamentos das entidades locais, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:**

- a) As obrigas recoñecidas durante o exercicio anterior.
- b) Os dereitos previstos no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven.
- c) As obrigas liquidadas no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven.
- d) Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven.

**54.- Segundo se dispón no artigo 10 da Lei xeral tributaria, cando entran en vigor as normas tributarias dende a súa completa publicación no boletín oficial que corresponda, se nelas non se dispón outra cousa?**

- a) aos quince días hábiles
- b) aos vinte días naturais
- c) aos vinte días hábiles
- d) aos trinta días hábiles.

**55.- As competencias propias dos municipios, as provincias, as illas e demais entidades locais territoriais exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas e só poderán ser determinadas:**

- a) por regulamento
- b) por resolución
- c) por lei
- d) por orde ministerial.

**56.- Cal dos seguintes servizos deberá prestarse en todos os municipios, con independencia do seu número de habitantes?**

- a) protección civil
- b) recollida de residuos
- c) tratamiento de residuos
- d) medio ambiente urbano.

**57.- Un municipio debe prestar o servizo de instalacións deportivas de uso público cando a súa poboación sexa superior a:**

- a) 5.000 habitantes
- b) 10.000 habitantes
- c) 15.000 habitantes
- d) 20.000 habitantes.

**58.- En todo caso, o exercicio por parte das entidades locais das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, deberá realizarase nos termos previstos na lexislación:**

- a) do Estado
- b) das comunidades autónomas
- c) do Estado e das comunidades autónomas
- d) das deputacións e das comunidades autónomas.

**59.- Os convenios de colaboración que afecten aos gastos ou ingresos públicos, presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de:**

- a) anualidade e estabilidade orzamentaria
- b) publicidade, anualidade e estabilidade orzamentaria
- c) estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

d) coordinación e estabilidade orzamentaria.

**60.- Segundo se reflicte no artigo 36.1.g) da Lei reguladora das bases do réxime local, son competencias propias da deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso:**

- a) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.
- b) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación superior a 15.000 habitantes.
- c) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 75.000 habitantes.
- d) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

**61.- De acordo co artigo 183.2 de Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, cando a recusación se dirixa ao presidente da corporación, decidirá:**

- a) o presidente da corporación
- b) o delegado do goberno
- c) o pleno
- d) o subdelegado do goberno.

**62.- Indica cal dos/as seguintes traballadores/as cumpre os requisitos para formalizar un contrato de traballo:**

- a) Rosa, de 17 anos, casada dende hai 1 ano.
- b) Carlos, de 16 anos, que non ten autorización dos seus pais.
- c) Paulo, de 17 anos, cidadán extracomunitario sen permiso de traballo.
- d) Xan, de 16 anos, que quere traballar no horario nocturno nunha discoteca de camareiro.

**63.- No contrato en prácticas, a retribución mínima é de:**

- a) O primeiro ano de contrato o 60% do SMI, e o segundo ano o 75% do SMI.
- b) O primeiro ano de contrato o 60% do SMI, e o segundo ano o 70% do SMI.
- c) O primeiro ano de contrato o 60% do salario do salario dun traballador da mesma categoría, e o segundo ano o 75%, sen que en ningún caso sexa inferior ao SMI.
- d) O primeiro ano de contrato o 70% do salario do salario dun traballador da mesma categoría, e o segundo ano o 85%, sen que en ningún caso sexa inferior ao SMI.

**64.- Nun contrato a tempo parcial:**

- a) O número máximo de horas extras anuais que se poden facer é 80.
- b) O número máximo de horas extras anuais que se poden facer é 100.
- c) O número de horas máximo será proporcional á duración da xornada.
- d) Non se poden facer horas extras, salvo caso de forza maior.

**65.- A duración mínima e máxima dun contrato en prácticas é de:**

- a) 6 meses e 3 anos
- b) 1 ano e 2 anos
- c) 6 meses e 2 anos
- d) 1 ano e 3 anos.

**66.- O horario nocturno nun contrato de traballo é:**

- a) de 22 horas ás 8 horas
- b) de 20 horas ás 6 horas
- c) de 22 horas ás 6 horas
- d) de 24 horas ás 8 horas.

**67.- A indemnización máxima nun ERE é de :**

- a) 12 mensualidades
- b) 24 mensualidades
- c) 33 mensualidades
- d) 42 mensualidades.

**68.- O período de proba dun contrato en prácticas dun técnico superior ten unha duración máxima de:**

- a) 1 meses
- b) 2 meses
- c) 3 mes
- d) 6 meses.

**69.- O Fondo de Garantía Salarial finanziase:**

- a) coas cotizacíons de traballadores/as é empresarios/as.
- b) só coas cotizacíons dos/as empresarios/as.
- c) só con financiamento público.
- d) só coas cotizacíons dos/as traballadores/as.

**70.- Os sindicatos mais representativos a nivel autonómico son aqueles que:**

- a) Teñen polo menos o 10% dos/as delegados/as nunha comunidade autónoma e ademais contan polo menos con 1500 delegados/as.
- b) Teñen polo menos do 15% dos/as delegados/as nunha comunidade autónoma e ademais contan polo menos con 1500 delegados/as.
- c) Teñen máis do 10% dos/as delegados/as nunha comunidade autónoma e ademais contan con máis de 1000 delegados/as.
- e) Teñen máis do 10% dos/as delegados/as nunha comunidade autónoma.

**71.- Na folga:**

- a) Os/as traballadores/as cobran salario polos días de folga
- b) A empresa cotiza a seguridade social polos días de folga.
- c) Os/as traballadores/as non poden organizar piquetes informativos para dar información da folga.
- d) A empresa non pode descontar días de vacacións, salvo que a folga sexa ilegal.

**72.- O tipo de cotización empresarial ao Fondo de Garantía Salarial é de :**

- a) 0,2 %
- b) 0,5%
- c) 0,6 %
- d) 1,6 %.

**73.- No contrato de traballo de obra e servizo a duración máxima é de:**

- a) 3 anos
- b) 3 anos, ampliables a 12 meses mais por convenio
- c) 3 anos, ampliables a 6 meses mais por convenio
- d) 4 anos, ampliables a 12 meses mais por convenio

**74.- Segundo a Lei de administración local de Galicia as contas e a documentación complementaria estarán a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas para exame e consulta:**

- a) como mínimo quince días antes da reunión para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais.
- b) como mínimo 2 días hábiles antes da reunión para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais.
- c) como mínimo 48 horas antes da reunión para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais.
- d) como mínimo antes do día 1 de xuño de cada ano.

**75.- Un concello dun municipio cunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes ten a obriga de convocar as súas sesións plenarias ordinarias:**

- a) como mínimo cada 15 días
- b) como mínimo cada mes
- c) como mínimo cada dous meses
- c) como mínimo cada tres meses.

**76.- A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defíñese como un documento electrónico e multimedia que conterá como mínimo:**

- a) Opinións sintetizadas dos membros que interviñesen nas deliberacións.
- b) Sinatura electrónica da persoa que ostenta a secretaría do órgano e da persoa que exerza a presidencia.
- c) A convocatoria electrónica da sesión.
- d) A relación de expedientes conclusos en soporte electrónico.

**77.- O Pleno celebra sesión extraordinaria cando:**

- a) O decida por maioría absoluta o número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida decidir máis de tres anualmente.
- b) O decida a cuarta parte, polo menos, do número de membros presentes da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida decidir máis de tres anualmente.

- c) A solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida solicitar máis de tres anualmente
- d) A solicitude dun terzo do mínimo legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida solicitar máis de tres anualmente.

**78.- Nas sesións plenarias poden formular preguntas:**

- a) Todos os membros da oposición.
- b) Os portavoces dos grupos políticos da oposición.
- c) Un terzo do número legal de membros da Corporación a través dos seus portavoces.
- d) Todos os membros da Corporación e os grupos municipais a través dos seus portavoces

**79.- Requiere de especial e previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente, co voto favorable da mayoría absoluta de membros da Corporación:**

- a) O ditame
- b) A moción
- c) A emenda
- d) A proposición.

**80.- Quen poderá impugnar os actos e acordos das Entidades Locais que infrinxan o ordenamento xurídico?**

- a) Os membros das corporacións locais que se abstiveron ou votaran en contra de tales actos ou acordos.
- b) Os portavoces dos grupos políticos que se abstiveron ou votaran en contra de tales actos ou acordos
- c) Os membros das corporacións locais que votasen en contra de tales actos e acordos.
- d) Os membros da Xunta de Goberno Local.

**PREGUNTAS DE RESERVA:**

**81.- A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos seguintes títulos habilitantes:**

- a) a licenza de taxi
- b) a autorización europea
- c) a licenza estatal e a autorización europea
- d) a licenza de taxi e a autorización interurbana.

**82.- Quen está lexitimado na orde xurisdiccional contenciosa-administrativo para impugnar os actos e acordos das Entidades Locais?**

- a) A Administración do Estado
- b) A Administración do Estado e das comunidades autónomas
- c) A Administración das comunidades autónomas, pero non a Administración do Estado
- d) A Administración do Estado pero non das comunidades autónomas.

**83.- Cando unha Administración Pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración Pública distinta e aquela entenda que é ilegal:**

- a) Deberá acudir directamente á Xurisdición contencioso-administrativa.
- b) Deberá interpoñer recurso de alzada, se procedese, para esgotar a vía administrativa, ante o superior xerárquico do órgano que ditou o acto ou, de proceder, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición antes de interpoñer recurso contencioso-administrativo.
- c) Poderá requirir á Administración para que anule ou revise o acto e interpoñer, no seu caso, recurso contencioso-administrativo.
- d) Poderá expor un conflito de competencias ante o Tribunal Constitucional.

**SINATURA:**